



## XI TORNEO TROFEO CONCELLO DE CANGAS 27 E 28 DE SEPTEMBRO DE 2014

### Normativa xeral

#### **Datas e horarios:**

O sábado día 27 a partir das 09,30 da mañá se celebraran as probas alevín mixto, infantil masculino, juvenil masculino e feminino, sub 23 masculino e veteranos de 40 e o domingo 28 a partir das 09,30 da mañá se celebraran as probas absolutas.

#### **Lugar:**

Pavillón de Romarigo en Cangas do Morrazo.

#### **Categorías:**

Estableceranse as categorías seguintes en función da idade

#### **SABADO 27**

Alevín mixto nados anos 2002,2003

Infantil Masculino nados anos 2000,2001

Xuvenil masculino e feminino nados anos 1997 ,1998 e 1999

Sub-23 masculino nados anos 1992 a 1996

Veteranos + 40 nados anos 1966 a 1975

#### **DOMINGO 28**

Absoluto masculino e feminino

TODO-LOS XOGADORES INSCRITOS, DEBERÁN ESTAR EN POSESIÓN DA  
CORRESPONDENTE LICENZA FEDERATIVA.

## **Inscripcións:**

A inscrición é de balde, debendo formalizarse antes do 17 de Setembro do presente ano 2014, os Clubes afiliados a Federación Galega cumprimentarán o formulario correspondente a través da web da FGTM (<http://formularios.fgfm.es/>), utilizando a súa clave de acceso. Os restantes clubs españois e extranxeiros formalizarán a súa inscrición enviando un correo electrónico a dirección seguinte:

[lasencasas@hotmail.com](mailto:lasencasas@hotmail.com) A o non estar afiliados a FGTM, deberán facilitar Nome e apelidos, data de nacemento, nº de licenza e Club o que pertencen. Non se permitirá a inscrición no mesmo día en máis de unha categoría. Sistema de Competición: En todas as categorías haberá dúas fases. Unha primeira clasificatoria por grupos, sempre que as inscricións o permitan, e unha segunda eliminatoria directa.

## **Trofeos:**

Entregaranse trofeos a os dous primeiros clasificados en cada categoría disputada.

PARA QUE SE CELEBRE UNHA PROBA TERÁ QUE HABER UN MINIMO DE 8 XOGADORAS/ES INSCRITOS. SI NON SE CHEGASE A ESA CIFRA, OS POSIBLES XOGADORES INSCRITOS COMPETIRAN NA CATEGORÍA SEGUINTE QUE LLES CORRESPONDA POR IDADE. SOLO SE ENTREGARAN TROFEOS NAS PROBAS DISPUTADAS.

1º Clasificado Absoluto Masculino y Femenino, una noche en el Hotel Airiños do Mar.

## **Arbitraxe :**

Os grupos seran arbitrados polos propios xogadores. Na segunda fase terán que arbitrar os xogadores que queden eliminados. Calquera xogador pode ser descalificado se se nega a arbitrar.

## **Notas:**

O desenvolvemento do torneo seguirá as indicacións incluídas na normativa do Circuito Galego da FGTM.